



**Marcelino
Martínez**

CANTERAS DE GRANITO - GRANITE QUARRIES

Polígono As Gándaras, 26
Apartado / P.O. Box: 47
36.400 PORRIÑO (PO) SPAIN

TEL: +34 986 33 07 13
FAX: +34 986 33 27 65
E-mail: comercial@marma.es

Data de inicio: Xaneiro de 2.011.

Data prevista de finalización: Xullo de 2.012.

O proxecto ten por obxectivo principal o desenvolvemento, e implantación, dunha solución centralizada de xestión dos medios de produción das diferentes canteiras de extracción de pedra, de que son titulares as empresas que forman o grupo Marcelino Martínez.

As sociedades que integran o grupo abarcan todas as fases do proceso de produción e manipulado dos materiais na canteira, que poderíamos resumir en :

1. Perforacións, sondaxes e sostementos: operacións realizadas con maquinaria especial para caracterizar o xacemento a explotar.
2. Movemento de terras e rocas: operacións realizadas con maquinaria e/ou explosivos comerciais ao descuberto, para conseguir un perfil determinado do terreo.
3. Arranque: conxunto de técnicas destinadas a obter os produtos de canteira.
4. Conformado: proceso que consiste en dotar aos produtos finais de canteira da forma e dimensións desexadas, a través de diferentes técnicas.
5. Tratamento superficial: conxunto de técnicas existentes na pedra natural, proporcionándolle o aspecto/textura desexadas.
6. Clasificación: conxunto de técnicas conducentes a determinar a calidade dos produtos resultantes segundo parámetros preestablecidos.

Nestes centros productivos, ata o presente momento non se implantou unha aplicación informática centralizada de control, dada a diversidade de materiais que se extraen, as diferentes técnicas que se empregan e a dispersión xeográfica das mesmas, o que fai necesario que se desenvolva un aplicativo a medida das necesidades do grupo, e que se faga unha instalación centralizada, a que se poderá acceder dende os diferentes centros extractivos.

POLIGONO INDUSTRIAL AS GANDARAS , S.N. 36400 AP.47 PORRIÑO
TLF.986-330713/FAX 986-332765



**Marcelino
Martínez**

CANTERAS DE GRANITO - GRANITE QUARRIES

Polígono As Gándaras, 26
Apartado / P.O. Box: 47
36.400 PORRIÑO (PO) SPAIN

TEL: +34 986 33 07 13
FAX: +34 986 33 27 65
E-mail: comercial@marma.es

A execución do presente proxecto vai a repercutir positivamente no lider do proxecto, Marcelino Martínez, S.L., xa que o seu desenvolvemento e impantación vai a supoñer moitas melloras para este grupo de empresas, de diverso alcance, pero a primordial, e a que consideramos como crítica a nivel estratéxico, consiste nun incremento da competitividade da empresa lider. A competitividade desta empresa verase incrementada incidindo en dous aspectos fundamentais: O aforro de costes e a mellora das condicións medioambientáis.

Para elo, actuarase sobre unha serie de aspectos, nos cales se detectaron carencias, de xeito que poderemos parametrizar e visualizar un cadro de mando integral inherente a todos os aspectos destacables no día a día dunha explotación extractiva de granito.

En primeiro lugar estamos a percurar a integridade da información. Os datos que queremos analizar mediante este proxecto son datos que non se incorporaban ao proceso de información da empresa, quedando para unha análise discrecional do responsable da explotación, sen posibilidade de comparar coas outras explotacións do grupo na percura de sinerxias, nin de imputar ao produto elaborado que figura como input nas nosas aplicacións.

Por outra banda, a traveso da realización dunha auditoría enerxética e de procesos, estableceranse os estándares básicos óptimos para racionalizar o consumo de enerxía eléctrica, explosivos, fío de corte e combustibles, revertindo por unha parte, nun importante aforro de costes e, por outra parte, nun maior coidado do medio ambiente.

Ademáis, mediante a súa integración no proceso de información actual, poderemos establecer patróns de actuación en función de experiencias acumuladas en cada explotación, mediante a súa posta en común para os usuarios de referencia. Isto redundará nunha mellora na xestión dos recursos dispoñibles, racionalizando o uso de toda a maquinaria do Grupo.

Da experiencia posta en común, tamén colixiremos un aspecto importante que, se visualizará na realización de actuacións de mantemento preventivo da maquinaria, incidindo de novo nos puntos anteriormente comentados, aforro de costes e melloras medioambientáis.



Marcelino Martínez

CANTERAS DE GRANITO - GRANITE QUARRIES

Polígono As Gándaras, 26
Apartado / P.O. Box: 47
36.400 PORRIÑO (PO) SPAIN

TEL: +34 986 33 07 13
FAX: +34 986 33 27 65
E-mail: comercial@mama.es

Este documento distribúese baixo licencia [CREATIVE COMMONS](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/). Algúns dereitos estan reservados.



Recoñecemento - Non comercial - Compartir igual (by-nc-sa): Non se permite un uso comercial da obra orixinal nin das posibles obras derivadas, a distribución das mesmas debe facerse cunha licencia igual a que regula a obra orixinal.

Proxecto Cofinanciado



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Modernización
e Innovación Tecnolóxica



UNIÓN EUROPEA

**FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO
REXIONAL**
"Unha maneira de facer Europa"

POLIGONO INDUSTRIAL AS GANDARAS , S.N. 36400 AP.47 PORRIÑO
TLF.986-330713/FAX 986-332765